29outubro26

Confederación Intersindical Galega
ENSINO

informa Orientación primaria

www.cig-ensino.gal

Concurso Orientación Centros Infantil e Primaria

Publicación: 26 de novembro
Participación: 15 días hábiles após a publicación no DOG
Reclamacións e renuncias: 10 días hábiles logo da resolución provisional.
Persoal participante: funcionariado de carreira e en prácticas do corpo de mestras.
Prioridade na participación conxunta con outros concursos: Adultos, Orientación e Concurso Xeral de Traslados

Seguimos sen unha aposta firme pola atención á diversidade utilizando o concurso específico de orientación como ferramenta para a actualización da rede de orientación, da que temos a última publicación da consellería de fai case 20 anos (corría o curso 2008/2009), non se entende porque non temos xa unha rede negociada e estable.

A verdadeira atención á diversidade pasa por un sistema de orientación actualizado que responda ás necesidades dos centros:

- Non pode haber unha soa persoa de orientación como responsable de máis de dous centros.
- Seguimos tendo unha alta porcentaxe de orientadoras atendendo máis de un centro.
- Todos os centros cunha liña completa teñen que contar con DO propio
- Non se pode **variar a adscrición dos centros** cada ano en función non se sabe de que criterio.
- É vergoñento que o persoal que concurse non teña a seguridade de cales van ser os centros que vai atender, xa que sigue aparecendo como en outras ocasións que se terá que desprazar aos centros que se lle adscriba.

Un sistema de orientación con normativa de hai case 30 anos, cos cambios no tipo e número de alumnado nos últimos tempos que condicionan totalmente as aulas na actualidade non é admisible nunha consellería que só fai falar de avances e precursores non se sabe moi ben de que.

É imprescindible a **actualización da normativa e protocolos, a redución da burocracia nos departamentos de orientación**, a zonificación dos EOE e a cobertura das súas vacantes, o aumento de PTs e Als así como persoal auxiliar coidador nos centros que así o soliciten, etc.

As funcións das persoas responsables dos DO son infinitas, inabarcables na práctica e inoperativas en moitas ocasións para o alumnado por non dar atendido a todas as necesidades. Estamos nun sistema de

"batelumes" no que se deixa de facer o importante para atender o urxente.

Insistimos na **necesidade de respetar a ratio de 250 estudantes por orientador/a** tanto en primaria como en secundaria. Seguimos tendo unha única persoa en orientación en centros de 700, 800 e incluso de máis de 1000 alumnos/as.

A redución das ratios en todas as etapas educativas e en todas as ensinanzas é a primeira medida que demostraría unha auténtica preocupación pola atención á diversidade.

Desde a CIG-Ensino solicitamos:

O concurso de Orientación para centros de infantil, primaria e educación especial é específico e, polo tanto, a Consellaría ten máis marxe que no CXT que se rexe por unha normativa básica de ámbito estatal.

Con todo, parece lóxico que moitos dos apartados manteñan a mesma puntuación e requisitos que o CXT, pero hai algúns que si deberían mudar, como pode ser o tope de puntuación en outras funcións docentes ou eliminar a puntuación por postos na Administración.

Participación de quen obtivo destino definitivo no último CXT

Solicitamos a eliminación do requisito de levar dous anos no destino para participar. Non ten sentido fixar o prazo de dous anos nun concurso específico, e de telo que fixar que sexa en prazas do mesmo concurso.

Prazas reclamadas pola CIG-Ensino

CEIP María Barbeito de A Coruña

CEIP Bergantiños

CEIP Inmaculada de Ourense

CEIP Virxe do Mar de Narón

CEIP de Marcón de Pontevedra

CEIP as Covas de Meaño

CRA de Meis

Compártese o departamento de orientación o CEIP Ponzos e o CEIP Esteiro en Ferrol con 250 e 187 alumnos e alumnas respectivamente. Solicitamos que cada centro conte coa súa praza de orientación.

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, 2º andar
27003 Lugo
982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasanteria 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal